

Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas*ALLEAMENTO 14 PARCELAS POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (BARRO)**EDICTO*

ACORDO DO PLENO NA SESIÓN DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2024 POLO QUE SE DECLARA DESERTO O CONCURSO PÚBLICO CONVOCADO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE DE 14 PARCELAS DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (BARRO), ASÍ COMO DA APERTURA DO PRAZO DE ALLEAMENTO DIRECTO.

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 14 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, polos importes que figuraban para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económicas administrativas, a razón de 99,00 €/m², IVE excluído, e de 119,79 €/m², IVE engadido.

O anuncio de licitación publicouse o día 3 de maio de 2024 no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 87. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e anexos deste procedemento aberto.

Unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas ás 10:00 horas do día 4 de xuño de 2024, non se recibiu ningunha proposición para optar á adxudicación deste concurso público convocado para o alleamento das citadas 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro, motivo polo que a Mesa de Contratación na reunión do día 6 de xuño de 2024 propuxo ao órgano de contratación, declarar deserto o citado procedemento.

A cláusula vixésima do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe este concurso público recolle o seguinte:

“Se tras a licitación pública quedan desertas parcelas, o órgano de contratación poderá acordar o alleamento directo, por prazo dun ano contando desde a publicación no BOPPO e no Perfil de Contratante do acordo do Pleno da Corporación, da adxudicación dos dereitos de propiedade e superficie no caso de existir ofertas que cumpran as condicións do prego. O alleamento directo faríase nas mesmas condicións ás que se ofertaron no prego do concurso e previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores”.



Martes, 9 de xullo de 2024

Núm. 133

En base á proposta da Mesa de Contratación e do recollido na cláusula vixésima do prego de cláusulas económico-administrativas particulares, así como no establecido nos artigos 137.4.d) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e 331.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, o Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de 14 parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Polígono Industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no Concello de Barro, por non presentarse licitadores interesados na adxudicación das mesmas.
2. Efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 14 parcelas que quedaron desertas durante o prazo dun ano a contar dende a publicación deste acordo plenario no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra; dita adxudicación farase en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrència.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A vicepresidenta segunda.

(Delegación efectuada por R.P. nº 2024002173 de data 15-03-2024)

Luisa María Sánchez Méndez.

O secretario

Carlos Cuadrado Romay

Asinado dixitalmente á marxe.

